

Afonso Lopes de Baião

Rubrica

Fui eu, fremosa, fazer oraçom,
nom por mia alma, mais que viss'eu i
o meu amigo, e, poilo nom vi,
vedes, amigas, se Deus mi perdom,
gram dereit'é de lazerar por en,
pois el nom vëo, nem haver meu bem.

Ca fui eu [i] chorar dos olhos meus,
mias amigas, e candeas queimar,
nom por mia alma, mais polo achar,
e, pois nom vëo nen'o 'dusse Deus,
gram dereit'é de lazerar por en,
pois el nom vëo, nem haver meu bem.

Fui eu rogar muit'a Nostro Senhor,
nom por mia alma, e candeas queimei,
mais por veer o que eu muit'amei
sempr', e nom vëo, o meu traedor:
gram dereit'é de lazerar por en,
pois el nom vëo, nem haver meu bem.

cantigas-stag.square-bit.com

© 03/08/2025